



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO ADMINISTRATIVO

EXPEDIENTE: 2021/X999/000031 - 2021/G003/000185

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello aprobou a oferta de emprego público por resolución a Alcaldía núm. 27/2021 do 25/01/2021. A Oferta de emprego foi publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 23 do 04/02/2021.

SEGUNDO. Por resolución da Alcaldía número 65/2021 do 22/02/2021 aprobáronse as bases para a praza vacante de administrativo de persoal municipal, mediante o sistema de oposición.

TERCEIRO. As bases bases reguladoras da convocatoria publicáronse no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 38, do 26 de febreiro de 2021. O anuncio da convocatoria publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 45 do 8 de marzo de 2021 e o *Boletín Oficial do Estado* núm. 69 do 22 de marzo de 2021.

CUARTO. O anuncio publicado no BOE, de acordo coas bases reguladoras, indicaba que “o prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Estado*”. Así pois, o prazo para presentar as solicitudes para participar no proceso selectivo para a praza de administrativo estivo aberto ata o día 21 de abril de 2021.

QUINTO. Durante o prazo presentáronse dous recursos contra o proceso selectivo. Mediante a resolución da Alcaldía núm. 145/2021 do 28/04/2021 foron aceptados dous recursos interpostos contra o procedemento de selección dun administrativo do Concello de Abegondo polo sistema de oposición (persoal funcionario). Así mesmo, resolveuse retrotraer as actuacións administrativas do dito procedemento selectivo ao momento de aprobación das bases.

Esta resolución foi notificada ás persoas que presentaron os recursos, así como á Valedora do Pobo. De igual forma, o anuncio da resolución na que se aceptaron os recursos e se resolveu retrotraer as actuacións administrativas publicouse no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña núm. 95, do 24 de maio de 2021 e na sede electrónica municipal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro
- O Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos a que Debe Axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local
- Os artigos 130 e seguintes do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local aprobado polo Real decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- Os artigos 21.1.g) e h), 91 e 100 a 102 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Os artigos 51 e 53 da Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Segundo o disposto no artigo 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, todos os cidadáns teñen dereito ao acceso emprego



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto en devandito texto refundido e no resto do ordenamento xurídico.

SEGUNDO. O Concello pretende neste acto aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección para a contratación da praza vacante referenciada nos termos en que figuran no expediente e con respecto ao seguinte persoal:

Persoal funcionario:

Cód.	Denominación do posto	Dot	C.D	C.E.	FP	Adscrición				Titulación académica	Observacións
						ADM	Grupo	Escala	Subescala		
1004	Administrativo	1	20	412,06	C	AE	C-1	Admón.Xeral	Administrativo	Estar en posesión do título de Bacharelato, Formación de 2º grao ou equivalente	Vacante

TERCEIRO. Tal e como establece o artigo 11.2 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia e o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autonómica e Local, incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Nos demais exercicios das devanditas probas selectivas, todas as persoas aspirantes teñen dereito a elixir libremente a lingua oficial da Comunidade Autónoma na que os desexan realizar, o que leva á súa vez o dereito a recibir na mesma lingua os enunciados dos exercicios, excepto no caso das probas que teñan que realizarse en galego para aqueles postos que requiran un especial coñecemento desa lingua.

De conformidade co establecido no artigo 51 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, as Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes, deberán:

- Remover os obstáculos que impliquen a pervivencia de calquera tipo de discriminación co fin de ofrecer condicións de igualdade efectiva entre mulleres e homes no acceso ao emprego e no desenvolvemento da carreira profesional.
- Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, sen menoscabo da promoción profesional.
- Fomentar a formación en igualdade, tanto no acceso ao emprego público como ao longo da carreira profesional.
- Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración.
- Establecer medidas efectivas de protección fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo.
- Establecer medidas efectivas para eliminar calquera discriminación retributiva, directa ou indirecta, por razón de sexo.
- Avaliar periodicamente a efectividade do principio de igualdade nos seus respectivos ámbitos de actuación.

Téñase en conta a Disposición adicional primeira da Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

CUARTA. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

QUINTA. Durante todo o proceso de selección, haberá de cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e na normativa vixente en materia de transparencia.

SEXTA. As bases deberán conter polo menos, de conformidade co establecido no artigo 4 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

Así mesmo, deberá terse en conta o disposto no artigo 58 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, (aplicable ao persoal da Administración Local no que non está reservado á lexislación do Estado) que indica que as bases das convocatorias deberán conter:

- a) O número de prazas, subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo, corpo e, no seu caso, escala, ou categoría laboral.
- b) As condicións e requisitos que deben reunir a todas as persoas aspirantes.
- c) O sistema selectivo aplicable, o cal indicará o tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, no seu caso, os baremos de puntuación dos méritos.
- d) O programa das probas selectivas ou a referencia da publicación oficial do mesmo.
- e) A orde de actuación dos aspirantes.
- f) O réxime aplicable ao órgano de selección
- g) As características, efectos e duración dos cursos e/ou período de prácticas que deban realizar, no seu caso, as persoas seleccionadas.
- h) A porcentaxe de prazas reservadas para a promoción interna e para persoas con discapacidade, se procede.

Nas convocatorias teranse en conta as condicións especiais aplicables ás persoas con discapacidade, con arranxo ao previsto no artigo 54 da Lei 2/2015, do 29 de abril.

SÉPTIMA. O anuncio da convocatoria publicarase no *Boletín Oficial do Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*. Ademais as bases deberán publicarse no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios municipal, na páxina web do Concello www.abegondo.gal e na sede electrónica do Concello <http://sede.abegondo.gal>, en virtude do artigo 205 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios municipal e aos efectos informativos na páxina web do Concello www.abegondo.gal e na sede electrónica do Concello <http://sede.abegondo.gal>, indicaranse os lugares en que se atopan expostas ao público as listas certificadas completas de aspirantes admitidos e excluídos, sinalándose un prazo de dez días hábiles para emenda.

Logo de finalizar o prazo de reclamacións e emendas e resoltas estas, a autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante resolución que se publicará igualmente no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios municipal e aos efectos informativos na páxina web do Concello www.abegondo.gal e na sede electrónica do Concello <http://sede.abegondo.gal> o. A dita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos. Na mesma publicación farase constar [o día, hora e lugar en que haberán de realizarse todas as probas/o día, hora e lugar en que haberá de realizarse o primeiro exercicio de selección. O chamamento para posteriores exercicios farase mediante a publicación na páxina web do Concello www.abegondo.gal e na sede electrónica do Concello <http://sede.abegondo.gal>; neste suposto, os anuncios da celebración das sucesivas probas deberán facerse públicos polo órgano de selección nos locais onde se celebrou a proba anterior ou na sede do Concello, con dous días, polo menos, de antelación ao comezo deste, se se tratase do mesmo exercicio, ou de tres días, se se tratase dun novo]. Igualmente na mesma resolución, farase constar a

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

designación nominal do tribunal.

Os resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante ata a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, exporanse nos locais onde se celebrou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando a dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos. O chamamento para a sesión seguinte dun mesmo exercicio deberá realizarse cun prazo mínimo de antelación de doce horas, mentres que a convocatoria para un exercicio distinto deberá respectar un prazo mínimo de vinte e catro horas.

Os órganos de selección constituiranse en cada convocatoria.

OITAVA. Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, os Tribunais farán pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello, precisándose que o número de aprobados non poderá pasar o número de prazas vacantes convocadas.

Unha vez comezados os procesos selectivos non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios da celebración das restantes probas no *Boletín Oficial do Estado*. No devandito suposto estes anuncios deberán facerse públicos polo órgano de selección nos locais onde se celebrou a proba anterior, con doce horas, polo menos, de antelación ao comezo deste, se se tratase do mesmo exercicio, ou de vinte e catro horas, se se tratase dun novo.

A relación definitiva de aprobados elevarase á autoridade competente, que a publicará no *Boletín Oficial da Provincia*.

NOVENA. Os aspirantes propostos achegarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días naturais desde que se publiquen as listas de aprobados, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

A resolución de nomeamento será adoptada pola Alcaldía a favor do aspirante ou aspirantes propostos polo Tribunal, no termo dun mes a contar desde a expiración do prazo dos 20 días naturais indicados anteriormente.

O nomeamento deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial do Estado*, unha vez publicado o nomeamento de funcionario, este deberá tomar posesión ou incorporarse dentro do prazo un mes a de conformidade co artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo alcalde de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar as bases específicas reguladoras da convocatoria de selección para a contratación das prazas vacantes nos termos en que figuran no expediente:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Persoal funcionario:

Denominación	Nivel Titulación	Grupo	CD	CE	N.º de postos vacantes	Código posto	Xornada
Administrativo	Estar en posesión do título de Bacharelato, Formación de 2º grao ou equivalente	C-1	20	412,06	1.-	1004	Completa

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo quedará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <http://sede.abegondo.gal>.

TERCEIRO. Publicar no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial do Estado* un extracto da convocatoria, sendo a data deste último a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

CUARTO. As persoas que presentaron a solicitude na convocatoria anterior e que resultou anulada terán dereito á devolución das taxas pagadas e deberán presentarse explicitamente a esta convocatoria.

QUINTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe
O alcalde

O secretario

José Antonio Santiso Miramontes

Adrián J. Márquez Caramés

